



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA NAVEGACIÓN E ENXEÑARÍA MARIÑA

Aprobado no Consello de Goberno do 25 de marzo de 2021

PREÁMBULO

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro) e no Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de novembro de 2016.

A regulación básica de organización e funcionamento do Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña está enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto:

- a) Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.
- b) Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña.
- c) Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa, nos que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto do regulamento

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e a organización do Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña da Universidade da Coruña.



Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento é de aplicación ao Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña da Universidade da Coruña, constituído polas Áreas de coñecemento Astronomía e Astrofísica [038], Ciencias e Técnicas da Navegación [083] e Máquinas e Motores Térmicos [590], e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros do mesmo.

Artigo 3. Natureza

O Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña é a unidade de docencia e investigación encargada de coordinar as ensinanzas dos ámbitos de coñecemento das áreas que o constitúen, nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da Universidade, de apoiar as actividades docentes e investigadoras do PDI e das demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

TÍTULO PRIMERO: CONSTITUCIÓN E ADSCRICIÓN

Artigo 4. Constitución

O departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña constituirase polas polas Áreas de coñecemento Astronomía e Astrofísica [038], Ciencias e Técnicas da Navegación [083] e Máquinas e Motores Térmicos [590], agrupando o persoal docente e investigador (PDI) correspondente a estas.

Artigo 5. Adscrición

O departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña está adscrito á Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.

A adscrición inicial do PDI ao departamento farase de acordo coa convocatoria da praza correspondente. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordada polo Consello de Goberno, por instancia da persoa interesada e logo do informe dos departamentos afectados.

O departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña terá asignada unha Unidade de Apoio a Departamentos e Grupos de Investigación (UADI), adscrita á Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.

En consonancia coa estrutura da súa docencia, a sede do Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña establécese na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.



TÍTULO SEGUNDO: ORGANIZACIÓN

CAPITULO I: DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

Artigo 6. Composición

1. O consello de departamento é o órgano colexiado de goberno do departamento e estará integrado polos seguintes membros:
 - a. O director ou directora, que o presidirá e o convocará e o secretario ou secretaria.
 - b. Todas as persoas doutoras vinculados por relación funcional, laboral ou bolsreira á Universidade e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor/a e a tempo completo integrados no departamento.
 - c. Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no departamento, que suporá o 5 %.
 - d. Unha representación do estudantado do ámbito da docencia do departamento que suporá un 28 %, dos que, de ser o caso, o 40 % corresponderá aos estudantes de doutoramento.
 - e. Un/unha representante do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento.
2. A elección da representación dos diferentes sectores no Consello de departamento realizarase de acordo co previsto no Regulamento electoral da Universidade.

Artigo 7. Competencias

É competencia do consello de departamento:

- a. Elixir o director ou directora e, de ser o caso, revogalo/a.
- b. Elixir aos coordinadores das seccións departamentais e aos membros da Comisión Permanente
- c. Programar as actividades docentes e investigadoras do departamento, elaborar o seu plan de organización docente e propoñer os programas de doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.
- d. Formular as demandas do persoal docente e investigador.



- e. Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- f. Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.
- g. Propoñer nomeamentos de doutores honoris causa.
- h. Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.
- i. Elaborar o regulamento de réxime interno do departamento.
- j. Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas
- k. Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais vixentes e os Estatutos.

Artigo 8. Da Comisión Permanente

1. O Consello de Departamento poderá crear unha Comisión Permanente na que delegará o exercicio das súas competencias, agás as que non poidan ser obxecto de delegación.
2. Os acordos adoptados en Comisión Permanente deberán ser comunicados ao Consello de Departamento na seguinte sesión ordinaria que realice.
3. A Comisión Permanente estará integrada polas seguintes persoas:
 - a. A que ostente a Dirección do Departamento, que presidirá a Comisión
 - b. A que ostente a Secretaría do Departamento, que realizará as funcións de secretario/a na mesma.
 - c. Un profesor/a por cada unha das áreas de coñecemento que forman o Departamento.
 - d. Un estudante de doutoramento que forme parte do Consello do Departamento
 - e. Un estudante que forme parte do Consello do Departamento.
 - f. Un representante do persoal de administración e servizos que forme parte do Consello do departamento.
4. Os membros da Comisión Permanente que non o sexan por razón dos seus cargos, serán elixidos polos sectores que representan e por un período de dous anos.



Artigo 9. Das Comisións de Estudo e Asesoramento

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudos e asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composición.

CAPITULO II: DA DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO

Artigo 10. Elección

1. A dirección do departamento é o órgano que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar o departamento.
2. Poderá ser candidato á dirección do departamento o PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. As eleccións serán realizadas polo Consello de Departamento na forma prevista no Regulamento electoral da Universidade. A persoa elixida será nomeada polo/a reitor/a.
3. De non se poder efectuar o nomeamento do director ou directora do departamento por falta de candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, unha vez oído o Consello de Departamento, o/a reitor/a encargará provisionalmente as funcións de dirección a un ou unha dos profesores e profesoras do departamento, de preferencia o/a de maior categoría e, dentro dela, maior antigüidade.
4. A duración do mandato será de catro anos, só se poderá presentar a unha única reelección.
5. O/a director/a de departamento cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.
6. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de dirección serán exercidas polo PDI adscrito ao departamento de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade



Artigo 11. Funcións

Correspóndelle ao/a director/a de departamento:

- a. Exercer a representación do departamento.
- b. Presidir e convocar o consello de departamento e executar os seus acordos.
- c. Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
- d. Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do departamento.
- e. Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos Estatutos.
- f. Executar as previsións orzamentarias.
- g. Propor ao/a reitor/a o nomeamento, entre o profesorado adscrito ao departamento, da persoa que vaia desempeñar a Secretaría deste.
- h. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos.

CAPITULO III: DA SECRETARÍA DO DEPARTAMENTO

Artigo 12. Nomeamento

A persoa que vaia desempeñar a Secretaría do departamento será nomeada polo/a reitor/a, por proposta do director ou directora, de entre o profesorado e axudantes do departamento con dedicación a tempo completo. Cesará no cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a reitor/a, por proposta da dirección do departamento.

Artigo 13. Funcións

A Secretaría do departamento ten como función redactar as actas das sesións, custodiar a documentación e expedir certificacións, ben como calquera outra función que lle fose delegada polo director ou directora de departamento ou encomendada polas disposicións vixentes nos Estatutos.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o secretario/a do departamento será substituído polo membro do Consello que decida o/a director/a ou ben aquel/a que teña a menor idade de entre o profesorado e axudantes do departamento con dedicación a tempo completo.



CAPITULO IV: DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS

Artigo 14. Creación

Por proposta do profesorado interesado, e logo do informe do departamento afectado, o Consello de Goberno poderá crear seccións departamentais cando así o aconsellaren razóns xeográficas, a existencia de diversas áreas ou ámbitos de coñecemento ou o elevado número de PDI adscrito ao departamento.

Artigo 15. Organización

Cada sección deberá contar con un número mínimo de tres PDI. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsable que exercerá a representación da Sección Departamental.

TÍTULO TERCEIRO: FUNCIONAMENTO

Artigo 16. Convocatorias e Sesións

1. O Consello de departamento poderase constituír e realizar as súas sesións de forma presencial ou non presencial. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medios electrónicos, considerándose tales aqueles que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se producen as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real.
2. Para a válida constitución do Consello de Departamento requirírase en primeira convocatoria a asistencia, presencial ou non presencial de, polo menos, a metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a dirección e a secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan. De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria, despois de polo menos 15 minutos, coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a dirección e a secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.
3. As convocatorias serán cursadas polo secretario/a do Departamento, por orde do director/a ou persoa que legalmente os substitúa, aos membros do



Consello de Departamento cunha antecedencia mínima de dous días hábiles, a través de medios electrónicos, incluíndo a orde do día e a documentación que corresponda, así como o día, modalidade, hora e lugar da sesión.

4. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a director/a, poderanse invitar ás sesións do Consello de Departamento ou, se for o caso, das comisións, ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.
5. A orde do día da sesión será fixada pola dirección do departamento tomando en conta, se for o caso, as solicitudes realizadas polos demais membros.
6. A asistencia é obrigatoria, e as clases ordinarias non suporán unha escusa. As excusas deberán ser comunicadas ao Secretario ou a UADI por correo electrónico con anterioridade ó inicio da sesión. A razón da excusa constará en acta.

Artigo 17. Votación e adopción de acordos

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. Tampouco se poderán adoptar acordos nos puntos da orde do día correspondentes a «informes» ou «suxestións e preguntas».
2. As votacións poderán realizarse por asentimento por proposta do/a Director/a do departamento, a man alzada, pública por chamamento ou secreta. O/a Director/a do Departamento decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade
3. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello non suscitaren oposición de ningún membro deste e ningún membro requirise ningunha outra forma de votación.
4. Os acordos serán adoptados por maioría de votos afirmativos sen se teren en conta as abstencións. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da dirección.
5. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo de máximo de dous días hábiles a contar dende o remate da sesión.

Artigo 18. Actas

1. O secretario ou secretaria redactará a acta de todas as sesións do Consello de Departamento. A acta especificará a relación de asistentes, as ausencias



xustificadas, a orde do día, o lugar e tempo da reunión, referencia sucinta das deliberación e o contido dos acordos adoptados.

2. A acta de cada sesión aprobarase na seguinte sesión ordinaria do Consello. Con tal fin, a persoa que ocupe a secretaría elaborará a acta co visto e prace do presidente ou presidenta e porá a disposición a través da plataforma corporativa aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar por medios electrónicos ou de palabra na mesma sesión na que se lle dea lectura a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación.
3. Gravaranse as sesión realizadas telemáticamente que realice o órgano colexiado.

Artigo 19. Aplicación analóxica

O establecido nos artigos anteriores respecto do Consello de Departamento aplicarase analóxicamente ao resto dos seus órganos colexiados.

TÍTULO CUARTO: REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 20. Iniciativa de reforma do regulamento

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á director/a.

Artigo 21. Tramitación de reforma do regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

Artigo 22. Aprobación de reforma do regulamento

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

En todo caso, a aplicación das previsións relativas á asistencia a distancia e á gravación das sesións dos órganos colexiados dos departamentos será acordada polo Consello de Departamento, atendendo á dispoñibilidade dos medios técnicos adecuados.